

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 7 DE MAIO DE 2007

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

1003/04.-Juan Manuel Mosquera Cea.- Legalización de ampliación de planta baixo cuberta na viv. unif. existente na Calzada de Sar núm.5.-

CORRECCIÓN ERRO X.G.L. DE DATA 26-03-07, DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

336/07.- José Gontán Rodríguez.-..... Expte....2087/00.....576.000 ptas (3.461,98 €).-

OCIHR

Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación.

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

LIC/2383/2006.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.- Rehabilitación da Capela de San Roque na Parroquia de Sabugueira.

LIC/2382/2006.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.- Area de Descanso no Lugar de San Paio.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa ao apoio do Concello a un proxecto empresarial.

Acórdase apoiar un novo proxecto empresarial como iniciativa local de emprego.

6.- Diversas propostas do concelleiro delegado de Seguridade Cidadá relativas á solicitude de subvencións á Xunta de Galicia.

Apróbese a tramitación de varias subvencións.

7.- Solicitude de autorización para a cesión dunha praza do aparcadorio de A Rosa.

Concédesese a autorización.

8.- Adxudicación do Servizo de mantemento e reparación de vehículos municipais.

Adxudícase o servizo á empresa BREA MOTOR S.A., por un prezo de 35 euros/hora para reparacións e de 7 euros/hora por lavados.

9.- Adxudicación da Asistencia técnica para a elaboración, implantación e actualización do Plan de Emerxencia territorial de Protección Civil de Santiago de Compostela.

Adxudícase a asistencia técnica á empresa EULEN SEGURIDAD, S.A., por importe de 47.550 euros.

10.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Subministro de sillas operativas e accesorios para distintos departamentos municipais.

Apróbese o prego e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 20.000 euros.

11.- Adxudicación do Subministro de xardineiras metálicas para a rúa XENERAL PARDIÑAS.

Adxudícase o subministro á empresa SANTA & Cole S.A., por importe de 28.648 euros.

12.- Prórroga do contrato de prestación do Servizo de Creación dun arquivo audiovisual do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase a prórroga por un ano máis do contrato coa empresa COMPOSTELAVISIÓN S.L.

13.- Adxudicación do Servizo de realización de 20 obradoiros de actividades dirixidas a entidades veciñais.

Adxudícase a realización dos devanditos obradoiros á Asociación Turmalina de Actividades Bio-Culturais, por un importe de 9.330 euros.

14.- Adxudicación das Obras de reforma dos aseos públicos sitos na esquina da rúa Trinidad-Costa do Cristo.

Adxudícanse as obras á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L., por un importe de 59.900 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á actualización do prezo máximo de venda das futuras vivendas a executar nos solares pendentes de edificar na zona residencial provintes de uso aparthoteis (SUNP-17 Paxonal).

Procédese á actualización de prezos.

16.- Proposta do concelleiro delegado de festas relativa á aprobación do orzamento das festas da Ascensión 2007.

Apróbese o orzamento das festas, que ascende a 332.366 euros.

17.- Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á aprobación do orzamento e bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento de actividades deportivas puntuais 2007.

Apróbanse as bases e un orzamento de 70.000 euros.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización para a realización de horas extraordinarias por persoal do departamento.

Autorízase a realización de horas extraordinarias de dous traballadores do Pavillón Municipal de Vite.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Política Lingüística relativa á ampliación do prazo de xustificación do convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación de A Coruña para dúas campañas de promoción do uso do galego.

Concédese a ampliación do prazo ata o 25 de maio.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á prórroga do contrato da coordinadora de formación do PROXECTO EQUAL COMPOSTELA SOCIAL.

Acórdase a prórroga do contrato coa devandita coordinadora por un período de seis meses.

21.- Aprobación dunha operación de tesourería.

Apróbese a operación de tesourería, a favor do Auditorio de Galicia, por importe de 500.000 euros, co Banco Gallego.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación e inicio da actividade do programa de formación e prácticas en empresas para alumnos de excelencia académica da USC.

Apróbese e iniciase a actividade.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á sinatura dos convenios de colaboración entre o Concello e diferentes medios de comunicación locais para o fomento do investimento en publicidade por parte do sector comercial da cidade.

Apróbase a sinatura dos devanditos convenios de colaboración.

24.- Dar conta dunha habilitación de crédito no proxecto de expropiación para a realización da travesía na C.P. 7803 Santiago a Figueiras (p.q. 3,52 ao 4,00), e da travesía na C.P.7804 de Val do Dubra a Santiago (p.q. 21,20 a 21.71) e notificación do acordo á Deputación de A Coruña.

Dáse conta da habilitación de crédito, por importe de 14.651 euros (travesía de Santiago a Figueiras) e de 92.687 (travesía de Val do Dubra a Santiago).

25.- Dar conta de corrección de erro no punto número 54 da sesión de data 2 de abril de 2007.

Procédese á corrección do erro.

26.- Dar conta polo concelleiro delegado de Promoción Económica da corrección de erro do acordo número 95 da sesión de 26 de marzo de 2007.

Dáse conta da corrección do erro.

URXENCIAS

1.- Adxudícanse as obras de reforma do local alugado na rúa Galeras para oficina municipal de Catastro e Censos á empresa JOSCON CONSTRUCCIONES, SL, por un importe de 29.461 euros.

2.- Apróbase a proposta do concelleiro de Circulación relativa á instalación do control de velocidade e de paso de peóns regulado con semáforo na travesía de San Marcos e a súa adxudicación á UTE Saínco-Daviña, por un importe de 25.666 euros.